

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE DECEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de Técnico Deportivo en Atletismo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da III Addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración local, por un importe total de dous millóns trescentos corenta e oito mil trescentos vinte e catro euros con dez céntimos (2.348.324,10 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Igape a exceptuar os beneficiarios da presentación de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro das bases reguladoras do programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca galegas e as entidades financeiras adheridas (Re-solve 2016), e se autoriza a subscripción do dito convenio, por un importe total de cento sesenta mil euros (160.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para o apoio ao Programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario de Lugo, por un importe total dun millón oitocentos noventa mil douscentos doce euros con setenta e cinco céntimos (1.890.212,75 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecentos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. Importe: tres millóns sesenta e sete mil oitocentos vinte e dous euros (3.067.822,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza eximir os beneficiarios da obriga de constituíren garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2016/2017, cando o seu importe sexa superior aos dezaoito mil euros (18.000,00€), para a realización de aboamentos anticipados nunha contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e para autorización de compromiso plurianual a que se refire o artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio tipo de colaboración entre a Consellería do Mar e as asociacións seleccionadas como grupo de acción local do sector pesqueiro (GALP) para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa no marco do desenvolvemento sustentable das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, por un importe total de catorce millóns cento dezasete mil seiscentos corenta e sete euros (14.117.647,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias do procedemento tribunal do xurado 872/2015 do Xulgado de Violencia sobre a Muller núm. 1 de Vigo, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de María José Rodrigues Fernandes.
- Informe sobre o dereito de asistencia xurídica gratuíta en Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre actividades dos centros de recuperación de fauna salvaxe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a posta en valor da ponte romana de Ourense.
- Informe sobre a situación actual e previsións da estación intermodal de Santiago.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a evolución do programa Préstamos Igape-Jeremie. Ampliación de orzamento.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a atención sanitaria á maternidade e á infancia.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN MODERNIZA OS CURRÍCULOS DAS ENSIANZAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos decretos polos que se establecen os módulos formativos do título de técnico deportivo nesta disciplina*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Atletismo. Deste xeito, queda modernizado o currículo destas ensinanzas deportivas en Galicia, o que fai posible a capacitación dos futuros técnicos nestas disciplinas a través dunha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico que vincule o proceso de aprendizaxe á realidade social deste ámbito.

As ensinanzas quedan organizadas en dous ciclos, o inicial, con 430 horas de duración; e o final, con 575 horas. Ao remate do ciclo inicial os titulados poderán desenvolver as ocupacións de monitor de atletismo e auxiliar de competicións de atletismo. De completaren o final, estarían capacitados para traballaren como adestradores ou como coordinadores de escola deportiva nesta disciplina, entre outras tarefas similares.

Así mesmo, o decreto establece como especializacións do título de técnico deportivo en Atletismo a de Atletismo escolar e a de Atletismo adaptado.

A XUNTA ACHEGARÁ A FEGAMP MÁIS DE 782.000 EUROS PARA FOMENTAR A CAPACITACIÓN DIXITAL A TRAVÉS DA REDE CEMIT

- *Impartiranse 45.000 horas de formación gratuíta e prevese acadar os 56.000 usuarios rexistrados*
- *Poranse en marcha unha web e un mapa de inclusión dixital, que permitirán centralizar e xeolocalizar toda a información e recursos da formación en TIC en Galicia*
- *Lanzaranse 10 novos pilotos da iniciativa CeMIT Innova para resolver desafíos sociais locais a través da tecnoloxía*
- *A Rede é un servizo fundamental para reducir a fenda dixital, facilitar unha aprendizaxe permanente neste eido e contribuír á mellora da empregabilidade a través da formación tecnolóxica*

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán de novo en 2016 para garantir que a capacitación dixital chegue a todos os galegos a través das actividades que desenvolve a Rede de aulas CeMIT.

Así se recolle nun convenio, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego, e que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Vicepresidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp.

Con este acordo garántese e continuidade e mellora dun servizo fundamental para reducir non só a primeira fenda dixital, a do acceso ás TIC, senón tamén a segunda fenda dixital, a das habilidades dixitais, facilitar unha aprendizaxe permanente neste eido, e contribuír á mellora da empregabilidade.

Investimento

O acordo establece que en 2016 a Amtega, achegará aos concellos a través da Fegamp 782.774,70 euros para a realización de actividades en materia de inclusión dixital nas consideradas aulas de referencia da Rede. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas así como da poboación do concello.

Como novidade, este ano o acordo inclúe a posibilidade de dispor dunha listaxe de aulas de reserva de xeito que, cando unha aula de referencia sexa baixa por vontade propia ou por incumprimento dos criterios establecidos, as aulas de reserva poderán pasar a ser aula de referencia sempre e cando cumbran os requirimentos de actividade.

O orzamento deste acordo constitúe unha parte do investimento total que a Amtega destinará á inclusión social o vindeiro ano, que ascende a máis de 1,6 millóns de euros.

Obxectivos 2016

Os obxectivos previstos da Rede para 2016 son impartir 45.000 horas de formación dixital gratuíta e acadar os 56.000 usuarios rexistrados.

Xunto coas actividades formativas, o vindeiro ano porase á disposición da cidadanía galega dúas novas ferramentas para facilitar o acceso aos recursos de capacitación dixital. Así, en 2016 entrará en funcionamento unha web de inclusión dixital, que integrará nun único espazo toda a información relacionada cos servizos, proxectos, iniciativas e actividades desenvolvidas pola Xunta de Galicia neste eido e un mapa de e-inclusión, que permitirá atopar e xeolocalizar todos estes activos e recursos dispoñibles en Galicia no ámbito dixital.

O vindeiro ano terán continuidade proxectos e iniciativas singulares que se puxeron en marcha en 2015 como CeMIT-Innova, un proxecto para o fomento da innovación social dixital en Galicia e que supuxo a posta en marcha de dez novos pilotos colaborativos impulsados polos axentes TIC das aulas CeMIT para a resolución de retos sociais da súa contorna empregando a tecnoloxía como ferramenta.

Tamén se ampliará o alcance do Banco de Tempo, unha iniciativa para intercambiar e compartir horas de formación entre centros a través de videoconferencia, o que permite ampliar a oferta formativa das aulas e chegar a un maior número de usuarios.

184.000 horas de formación e máis de 52.700 usuarios en 4 anos

A Rede CeMIT conta cun total de 98 aulas, presentes en 92 concellos. Desde a súa posta en marcha pola Amtega, hai catro anos, a Rede leva impartidas 184.700 horas de formación gratuíta, principalmente en alfabetización e capacitación dixital a máis de 52.700 usuarios.

A rede ofrece tamén formación especializada por colectivos grazas á súa colaboración co Centro Demostrador TIC, o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e a Escola Galega de Administración pública, retransmitindo, xornadas e actividades a través súa rede de videoconferencias.

Ademais desde 2014, a CeMIT é a rede habilitada para acreditar a cidadanía coa certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX), da cal xa se examinaron máis de 840 persoas.

Obxectivo da Axenda Dixital 2020

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) levan dous anos colaborando activamente no impulso de actuacións de inclusión dixital no marco da

Administración local e durante o 2016 traballárase para avanzar no cumprimento dos obxectivos marcados polas axendas dixitais española e europea, así como pola Axenda Dixital de Galicia 2020, que establece entre os seus desafíos o de pasar da alfabetización á autonomía dixital.

O obxectivo final é incrementar os coñecementos dixitais de todos os galegos e galegas, con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica para a mellora a súa autonomía persoal, o envellecemento activo e a empregabilidade, entre outros.

A XUNTA ACTIVA 17 MILLÓNS EN PRÉSTAMOS PARA IMPULSAR PROXECTOS EMPRESARIAIS E FACILITAR O ACCESO AO CIRCULANTE DAS PEMES GALEGAS

- *O Goberno galego amplía os préstamos Jeremie cunha partida de 9 millóns de euros e lanza unha nova convocatoria do Resolve que mobilizará 8 millóns en liquidez*
- *Os Jeremie levan mobilizados xa preto de 17 millóns en 30 operacións que están a contribuír a crear ou manter máis de 700 postos de traballo*
- *O 75% dos proxectos aprobados corresponden a microempresas ou pequenas empresas, que se benefician duns apoios que financian ata o 70% do investimento con préstamos directos de ata 1,8 millóns*
- *O 68% das iniciativas enmárcanse no sector industrial e contribúen ao financiamento de proxectos industriais que permiten ampliar ou mellorar a capacidade produtiva das empresas*
- *A través do Resolve, a Consellería de Economía, Emprego e Industria concederá préstamos avalados nun 100% para financiar o activo corrente que precisan as empresas*
- *Mediante esta liña poderán acadar financiamento arredor de 150 compañías, que se suman as máis de 1.300 operacións impulsadas desde a súa posta en marcha no ano 2010*

A Xunta de Galicia, coa finalidade de colaborar co tecido empresarial galego na consolidación da recuperación económica, activará 17 millóns en préstamos no marco da iniciativa Galicia 1.000 para impulsar proxectos empresariais e facilitar o acceso ao circulante das pemes galegas, grazas á ampliación dos préstamos Jeremie e ao lanzamento dunha nova convocatoria do programa Resolve.

Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe a nova ampliación dos Jeremie por valor de case 9 millóns de euros. Unha cifra que se suma aos 10,4 millóns xa habilitados ata o de agora, e que permitiron financiar 30 operacións que están a mobilizar investimentos por valor de máis de 17 millóns, contribuíndo así á creación ou o mantemento de máis de 700 postos de traballo.

Os beneficiarios dos Jeremie contan coas vantaxosas condicións que ofrecen estes préstamos directos, con prazos de amortización de 11 anos, con un de carencia, e xuros especialmente competitivos, referenciados ao euríbor, que se sitúan nestes momentos arredor do 0,5% en función da cantidade solicitada.

Deste xeito, os Jeremie configúranse como unha ferramenta de apoio ás pequenas e medianas empresas galegas –o 75% dos proxectos aprobados corresponden a microempresas ou pequenas empresas- coa achega de contías que oscilan entre os 49.000 euros e os 1,8 millóns para financiar ata o 70% das iniciativas.

Neste contexto, cómpre salientar que o 68% dos proxectos aprobadas se enmarcan no sector industrial, mentres que son de hostalaría e turismo o 18%, o 10% pertence a servizos e o 4% a comercio.

Así, os Jeremie contribúen ao financiamento de proxectos industriais que permiten ampliar ou mellorar a capacidade produtiva das empresas, e facilitar a adquisición de maquinarias e equipamento con esta finalidade. Ademais, posibilitaron tamén a creación dun parque multiaventura en Sanxenxo e outro en Padrón, o acondicionamento do Balneario de Caldas de Partovia, no Carballiño; ou a adquisición, pola empresa Internaco situada en Ordes, de equipamentos para a fabricación de monofilamentos de alta calidade que poden ser empregados como combustible en maquinaria forestal e de xardín, mantemento de viñas e construción de invernadoiros.

Financiamento empresarial

Os préstamos Jeremie constitúen unha das partes fundamentais do programa de financiamento empresarial Galicia 1000, que busca dar respostas ás distintas necesidades que poida ter a empresa en función da súa situación, incluíndo ademais instrumentos como o capital risco, préstamos participativos, préstamos bancarios bonificados para investimentos, préstamos avalados e garantías para o financiamento de operacións de circulante.

Deste xeito, a Xunta colabora co empresariado galego nas diferentes situacións financeiras que poida atravesar impulsando actuacións que están a xerar investimentos por valor de 300 millóns de euros co obxectivo de que ningún proxecto viable quede sen levarse a cabo por falta de financiamento, e impulsando a rexeneración do tecido produtivo, a recapitalización das empresas e a execución de novos investimentos encamiñados á creación de riqueza e emprego.

Resolve

De forma paralela á ampliación dos Jeremie, o Consello da Xunta coñeceu hoxe unha nova convocatoria do programa Resolve, que mobilizará máis de 8 millóns de euros en circulante que favorecerá o funcionamento diario das pemes galegas. A través desta liña, a Consellería de Economía, Emprego e Industria concederá préstamos comprendidos entre 3.000 e 150.000 euros, que aspiran a mellorar a situación financeira de arredor de 150 empresas galegas. Deste xeito, favorécese o acceso ao financiamento de circulante, un dos principais problemas con que se atopan as compañías, mediante préstamos avalados nun 100% polas sociedades de garantía recíproca (SGR) que, pola súa vez, contan cun reaval da Consellería de Economía e Industria polo 25% do risco asumido.

As operacións financeiras apoiadas ao amparo do Resolve terán un prazo máximo de duración de 7 anos, incluídos 2 de carencia, o que supón unha significativa mellora no prazo de amortización dos préstamos con respecto aos 3 ou 5 anos de anteriores convocatorias. Así mesmo, cómpre salientar que o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o vindeiro 4 de xaneiro ata o 31 de outubro, e que o programa entrará en vigor tras a sinatura do correspondente convenio de colaboración coas SGR e as entidades financeiras. Deste xeito, as empresas disporán de ata 10 meses para presentar as súas propostas, co obxectivo de facer o programa o máis accesible posible.

A través das liñas para financiamento de circulante do Resolve, e desde a súa posta en marcha en 2010, téñense aprobado máis de 1.300 operacións para mobilizar préstamos para circulante por importe de case 52 millóns de euros.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ELEVA A CASE 1,9 MILLÓNS O INVESTIMENTO PARA A FORMACIÓN DE RECURSOS HUMANOS NO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA E NO NOVO CEBIOVET

▪ *Os programas de capacitación amplíanse ata 2019*

O Consello da Xunta aprobou hoxe elevar ata case 1,9 millóns de euros o investimento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no Programa de Formación de Recursos Humanos do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina. Deste xeito, amplíanse ata 2019 os programas de capacitación que se desenvolven neste centro e que se estenderán ao novo Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET) unha vez que remate a súa construción e comece a funcionar como centro de referencia na investigación en medianos e grandes animais.

A acción subdivídese en dous subprogramas. O primeiro deles céntrase na formación de Posgrao en clínica de grandes e pequenos animais, dirixido a licenciados ou graduados en Veterinaria co obxectivo de preparalos para o seu posterior acceso aos programas de residencia e á formación e experiencia para afrontar o exercicio profesional. Neste sentido cómpre indicar que, en medicina veterinaria, as residencias son a única vía de acceso ao título de especialista que outorgan as entidades reguladoras das diferentes ramas clínicas, denominadas colexios europeos. A duración do curso é de 12 meses, tempo no que as 25 alumnas e alumnos que poden participar nesta formación rotan polos diversos servizos do Hospital.

O segundo dos subprogramas vai dirixido á formación e capacitación como tecnólogos de titulados en Formación Profesional, que complementan a acción clínica dos facultativos, en colaboración co CEBIOVET. Neste sentido cómpre sinalar que este novo centro permitirá abrir novas liñas de investigación, así como a formación de persoal altamente especializado.

A iniciativa, que funciona desde o ano 2012, dá soporte á actividade que se está a desenvolver neste centro desde o puntos de vista docente, asistencial e teórico. Polo tanto, contribúe a mellorar as capacidades, a formación e a cualificación do persoal do Hospital Veterinario da Universidade de Santiago de Compostela.

A XUNTA DESTINA 3,9 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE ASISTENCIA A DROGODEPENDENCIAS

- ***Con este obxectivo, o Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Sergas e a Fegamp***
- ***Durante o ano 2014 beneficiáronse deste acordo un total de 7.417 persoas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Trátase dun acordo co cal se subvencionarán os servizos de atención sanitaria aos trastornos adictivos de 13 concellos de Galicia que contan con Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD). A Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento destas actividades cun importe total de 3.979.799,92 euros, mantendo o anticipo á conta, que este ano ascende ao 43,76% do importe subvencionado.

Con este novo convenio, do cal se beneficiaron durante o ano 2014 un total de 7.417 persoas, a Xunta mantén o seu compromiso adquirido que permitirá a continuidade no desenvolvemento de programas de axudas para estas unidades atendendo á planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no *Circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia*.

Isto posibilitará mellorar a atención aos pacientes con trastornos aditivos, facilitando que a súa atención sexa integral e de calidade ao longo de todo o proceso, coa realización das probas complementarias que sexan necesarias, implicando os profesionais de atención primaria e de saúde mental na súa atención continuada e garantindo o acceso equitativo e igualitario en toda a comunidade.

A XUNTA INCREMENTA AS AXUDAS PARA O MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE 0 A 3 ANOS DEPENDENTES DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- *As axudas, que suporán un importe de 3.067.822 euros e un incremento do 2% respecto ao ano 2015, teñen como finalidade o mantemento de arredor de 50 centros e 2.700 prazas*
- *Auméntase a contía do anticipo para dotar a estas entidades de maior liquidez*
- *Nos centros con servizo de comedor, a contía anual será de 18.873 (de 1 a 3 unidades); 18.011 euros (de 4 a 6 unidades); 17.149 euros (7 ou máis unidades); e por último, 15.340 euros para aqueles centros sen servizo de comedor*
- *As familias galegas dispoñen actualmente de máis de 20.500 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, de xeito que hoxe ofrecen cobertura a 1 de cada 3 cativos (cumprindo así a ratio aconsellada pola Unión Europea)*
- *Ao abeiro do Bono Conciliación dotarase en 2016 unha partida económica de 3,4 millóns de euros que permitirá a concesión dun mínimo de 1.400 novas prazas*

O Consello da Xunta vén de autorizar a convocatoria das axudas para o mantemento das escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes de entidades de iniciativa social. Deste xeito, as entidades de iniciativa social que estean inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e teñan en funcionamento unha ou máis escolas infantís de 0 a 3 anos poderán solicitar estas axudas sempre e cando desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia e cumpran os requisitos establecidos. Por primeira vez, desde o ano 2009 increméntase o orzamento destinado a estas axudas. A convocatoria será por un importe de 3.067.822 euros, que supón un incremento do 2% respecto ao ano 2015.

Estas axudas teñen como finalidade o mantemento dos centros co obxecto de compensar os gastos producidos desde o 1 de xaneiro ata a data de xustificación e os gastos que figuren como aboados durante ese período nos conceptos de gastos de persoal, gastos de alimentación ou outros gastos xerais de mantemento do centro.

A axuda anual para gastos de mantemento calcularanse en función do número de unidades en funcionamento autorizadas da escola infantil de 0 a 3 anos e da prestación do servizo de comedor. Así, nos centros con servizo de comedor, a contía anual será de 18.873 euros para centros que teñan de 1 a 3 unidades; 18.011 euros para centros que teñan de 4 a 6 unidades; 17.149 euros para centros con 7 ou máis unidades; e por último, 15.340 euros para aqueles centros sen servizo de comedor.

Co fin de dotar dunha maior liquidez ás entidades subvencionadas a convocatoria prevé un anticipo do 50% cando a subvención supere os 18.000 euros e do 80% se é inferior a esta cantidade.

Fomento da conciliación

O Goberno Autonómico exerce as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia e á infancia, así como as de promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar.

A ampliación e mellora na calidade das escolas infantís de 0 a 3 anos como recurso educativo e de prestación de servizo ás familias galegas, que contribúa á conciliación da vida laboral, persoal e familiar é un dos obxectivos da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. As familias galegas dispoñen actualmente de máis de 20.500 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, de xeito que hoxe ofrecen cobertura a 1 de cada 3 cativos (cumprindo así a ratio aconsellada pola Unión Europea).

A constitución dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos como proxecto artellado e de calidade en que participen as entidades de iniciativa social é peza fundamental para o logro deste obxectivo. Esta orde de axudas ten como finalidade materializar neste momento de redefinición do modelo da educación infantil de 0 a 3 anos a contribución da administración galega ao sostemento dos centros existentes e fomentar así a mellora da súa calidade.

PAN Concilia

Esta axuda enmarcase dentro da área *PAN-Concilia* do Programa de apoio á natalidade (PAN) que foi presentado a semana pasada no Consello da Xunta. Este programa procura que Galicia sexa un lugar que ofrezca axudas para afrontar os gastos que supón o nacemento dun fillo, que sexa un lugar que apoie a conciliación da vida familiar e laboral, e o obxectivo de que Galicia sexa un lugar que garanta os servizos públicos, tanto sociais como sanitarios. Deste xeito o PAN estrutúrase en tres grandes áreas de acción como son o *PAN-Axudas*, o *PAN-Concilia* e o *PAN-Servizos*.

O *PAN-Concilia* alberga medidas como o incremento de prazas na rede pública de escolas infantís, as casas niño, as campañas de sensibilización, as axudas para accións de conciliación, o distintivo para establecementos que apoien a atención dos nenos, o Bono Coidado, o Bono Conciliación, un proxecto para a apertura de escolas infantís en parques empresariais ou a aposta pola flexibilidade horaria e o teletraballo.

Precisamente, ao abeiro do Bono Conciliación (unha axuda para aqueles pais que queiran levar os seus fillos a unha escola infantil e non teñan praza sostida con fondos públicos) dotarase en 2016 unha partida económica de 3,4 millóns de euros que permitirá a concesión dun mínimo de 2.600 bonos, o que equivale a 1.400 novas prazas que se incorporan ás 20.500 financiadas con fondos públicos.

A XUNTA DESTINARÁ 2,1 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRA PARA O PERÍODO 2016-2017

- ***A finalidade destas axudas é mellorar o status sanitario das explotacións gandeiras mediante programas zosanitarios comúns, para a prevención e control de enfermidades que non son obxecto de programas nacionais***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo á Orde da Consellería do Medio Rural pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2016-2017. O orzamento será de 2,1 millóns de euros para executar nos programas de planificación zosanitaria que se realicen entre o 1 de marzo de 2016 e o 28 de febreiro de 2017.

A finalidade destas axudas é mellorar o status sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zosanitarios comúns, para a prevención e control de enfermidades dos animais que non son obxecto de programas nacionais. Deste xeito, permítese incrementar paulatinamente a rendibilidade das explotacións, diminuindo as perdas ocasionadas por motivos sanitarios e facilitando o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, benestar e sanidade animal.

No contexto do Plan estratéxico para as ADSG de Galicia, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa vinculada aos propios gandeiros galegos, co obxecto de que no futuro teña capacidade para asumir unha maior participación na execución dos programas oficiais en materia de sanidade animal, baixo a supervisión dos servizos veterinarios oficiais da Xunta de Galicia.

Exención de garantías

A falla de liquidez dos beneficiarios destas axudas para facer fronte aos custos derivados da realización de programas de planificación zosanitaria obrigábaos a recorrer ao financiamento externo, principalmente a través de entidades bancarias, que resultaba ser especialmente dificultoso. Co fin de paliar esta situación, o Consello autorizou a posibilidade de que as entidades soliciten anticipos sobre os importes de axudas concedidos e se vexan eximidas da obriga de constituír garantías.

OS NOVOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO BENEFICIARÁNSE DE MÁIS DE 14 MILLÓNS DE EUROS PARA A APLICACIÓN DE ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO

- *A Consellería do Mar dotará cada un deses grupos (GALP) dos fondos necesarios para que leven a cabo as estratexias de desenvolvemento local participativo das zonas de pesca e xestionen as achegas*
- *Estas subvencións favorecerán o traballo dos grupos nas áreas costeiras, contribuindo así á mellora do tecido socio-económico de cada zona*
- *Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento dos acordos e resolver as dúbidas que se poidan dar, crearase unha comisión de seguimento composta por dous membros da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e outros dous do GALP*

A Xunta destinará 14,1 millóns de euros para financiar os gastos de funcionamento e animación dos grupos de acción local do sector pesqueiro ou GALP (coñecidos no período 2007-2013 como grupos de acción costeira ou GAC), para a aplicación de estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP). O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o “convenio tipo” polo que se rexerán estas subvencións.

Estes convenios permitirán aos GALP xestionar e controlar as axudas que se tramiten ao abeiro dos propios grupos para desenvolver as estratexias. Os convenios, unha vez asinados, terán unha vixencia de 5 anos tras o último pagamento efectuado, de xeito que os GALP non poderán disolverse ata que transcorra ese período. Os grupos recibirán esta cantidade distribuída en 5 anualidades de máis de 2,8 millóns cada unha.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento dos acordos e resolver as dúbidas que se poidan dar, crearase unha comisión de seguimento composta por dous membros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e outros dous do GALP. Esta comisión velará, entre outras cuestións, por que as axudas teñan repercusión positiva no fomento do desenvolvemento local participativo nas áreas costeiras, favorecendo o tecido socio-económico de cada zona. Neste sentido, hai que lembrar o importante papel que viñeron desempeñando os antigos grupos de acción costeira como xestores de multitude de proxectos que inciden na mellora económica do noso litoral e na dinamización das zonas costeiras.

Os grupos de acción local do sector pesqueiro darán continuidade ao traballo desenvolvido desde os grupos de acción costeira. Estas organizacións son entidades sen ánimo de lucro de carácter supramunicipal promovidas pola Unión Europea, formadas por axentes tanto públicos como privados das sete zonas de actuación constituídas e traballan co fin de mellorar a capacidade organizativa do sector pesqueiro e de fomentar a diversificación para os profesionais do mar.

A XUNTA COMPARECE EN CALIDADE DE ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE MARÍA JOSÉ RODRIGUES FERNANDES

- *Desde o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou comparecer como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*
- *Na actualidade, con este xa son 11 os procesos penais en que o Goberno se constituíu en parte*

A Asesoría Xurídica da Xunta compareceu, a instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, en calidade acción popular no caso da morte de María José Rodrigues Fernandes por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia compareceron nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Violencia sobre a muller número 1 de Vigo, que aceptou a comparecencia.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. No dito Acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, un escrito procesual exercendo a acción popular, constatada a existencia daquel, sempre e cando se conte coa autorización da familia para esta acción.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A PRORROGA DOS BAREMOS PARA A COMPENSACIÓN ECONÓMICA POLA ASISTENCIA LETRADA GRATUÍTA EN GALICIA

- *O Goberno galego considera que a quenda de oficio é un servizo fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza*

O Consello da Xunta informou hoxe da aprobación das ordes polas que se prorroga para este último trimestre do ano e os tres primeiros trimestres do ano 2016 o acordo entre a Xunta, o Consello da Avogacía Galega e o Consello Galego dos Procuradores sobre compensación económica pola asistencia xurídica gratuíta.

O Goberno galego atópase plenamente comprometido coa asistencia xurídica gratuíta a todos os cidadáns que a precisen e coas compensacións que se ofrecen aos avogados e procuradores que prestan o seu servizo na quenda de oficio, fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Por iso, acadáronse diversos obxectivos de mellora neste servizo especialmente no que respecta á xestión dos pagamentos aos profesionais.

Nos últimos anos, anos de crise económica en que os salarios dos funcionarios públicos sufriron obrigadas rebaixas, e mesmo os profesionais liberais moderaron as contías das súas retribucións, as compensacións económicas que perciben os avogados e procuradores da quenda de oficio non experimentaron variación, destacando o esforzo económico da Xunta de Galicia para o mantemento dos importes recollidos neses baremos, fronte á opción elixida por outras CC.AA nas cales os importes sufriron recortes porcentuais de ata o 30 por cento.

A partir de 2009, cando o actual Goberno asume as responsabilidades á fronte da Xunta, atópase cun orzamento deficitario en materia de xustiza gratuíta, así como cunha parálise administrativa na tramitación dos pagamentos. Ademais, houbo unha importante mellora dos tempos de resposta nas transferencias aos colexios, xa que na actualidade se está a pagar en 19 días, fronte aos 85 días no ano 2009. Para facer fronte a esta situación, o novo executivo autonómico puxo en marcha unha serie de medidas para reconducir a situación, que pasaron, principalmente, pola introdución de novidades de carácter informático e normativo

O esforzo da Administración autonómica nesta materia corrobora a súa aposta pola quenda de oficio como un servizo fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Ademais de constituírse por primeira vez o Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, no que atinxe ao sistema de xestión, puxéronse en marcha auditorías, medidas de racionalización de medios e melloras

organizativas, que redundaron nunha mellor coordinación e eficiencia do sistema no seu conxunto. Unha das medidas máis salientables foi a comunicación telemática entre os colexios profesionais e a Administración. O acceso telemático ás bases de datos do Catastro e da Seguridade Social por parte das comisión de AXG axilizou a resolución das solicitudes do dereito.

AS AVES REPRESENTAN UN 85% DOS INGRESOS REXISTRADOS NOS CATRO CENTROS DE RECUPERACIÓN DE FAUNA DE GALICIA

- *O Consello da Xunta presentou esta mañá un informe sobre a actividade dos centros de recuperación, con motivo do Día Internacional do Dereitos dos Animais*
- *No que vai de ano, producíronse un total de 2.802 ingresos, dos cales un 80% foron nos centros de Oleiros e Cotorredondo, en Pontevedra*
- *Do total de animais ingresados vivos, acadouse a recuperación dun 60,53% (1.282), dos cales 1.000 xa foron devoltos á natureza*
- *O obxectivo principal para o horizonte 2020 é deter a perda de biodiversidade e a degradación dos servizos ecosistémicos*

Con motivo da celebración do Día Internacional dos Dereitos dos Animais, o Consello da Xunta presentou esta mañá un informe sobre as actividades desenvolvidas nos centros de recuperación de fauna salvaxe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Neste documento detállase que un 85% dos ingresos rexistrados no que vai de ano nos catro centros de recuperación de fauna son aves, mentres que os mamíferos e os réptiles representan o 8,1% (227) e o 5,4% (153) do total, respectivamente.

Na actualidade, Galicia conta con catro centros de recuperación, o de Oleiros (A Coruña), Cotorredondo en Pontevedra, O Veral, en Lugo e O Rodicio, en Ourense. O centro de Oleiros e Cotorredondo reciben un 80% dos animais salvaxes recollidos ou entregados en Galicia, que acadan cifras anuais absolutas moi similares en ambos e superiores aos 1.100 animais por centro; mentres que o número de animais recollidos nos centros de Lugo e Ourense é inferior, por volta aproximadamente dos 300 animais ingresados.

Nestes once meses de 2015 ingresaron un total de 2.802 animais, dos cales 2.118 estaban vivos e o resto xa eran cadáveres ou mostras obxecto de estudo. Dos exemplares ingresados vivos, acadouse a recuperación nun 60,53% dos casos (1.282 casos) e conseguíuse a recuperación e reintrodución no medio dun 47,26%, é dicir, 1.001 exemplares foron devoltos á natureza.

O bufo real e o falcón peregrino son especies sometidas ao réxime de protección, recuperadas e devoltas ao seu hábitat, así como distintos tipos de voitres, o sapoconcho europeo (en perigo de extinción), a lontra, a pardela cincenta ou a píllara das dunas.

A importancia da actividade que desenvolven os centros de recuperación radica, non só na recuperación dos animais, senón na contribución ao restablecemento e á conservación da biodiversidade galega.

Catro centros de recuperación

Para acadar este obxectivo, Galicia conta con catro centros de recuperación de fauna de Galicia nos cales se desenvolven as seguintes actividades.

- Puntos de inspección e vixilancia, é dicir, instrumentos para a conservación e utilización racional do patrimonio, grazas á realización de necropsias e toma de mostras, que permiten determinar a causa da morte ou como proba ante a posible comisión de infracción ou delito penal; a control físico e sanitario dos animais; e a identificación oficial dos animais que se liberan ou reintrodúcen no medio.
- Puntos de atención para o coidado e recuperación de exemplares de fauna silvestre, co fin de proceder ao seu posterior retorno á natureza con posibilidade de supervivencia. A planificación do proceso de recuperación para a liberación no medio é especialmente importante, porque con base nos seus requirimentos como especie e a súa ecoloxía (recuperación da condición física, exercitación do voo, caza...) garántese a súa supervivencia no medio.
- Puntos de vixilancia pasiva do estado sanitario da fauna silvestre, que contribúen á detección precoz de enfermidades que poderían ter incidencia sobre a fauna silvestre, e por contacto directo, sobre os animais domésticos, así mesmo sobre a saúde pública, detectando e previndo zoonoses.

Obxectivo Europeo

Grazas a estas instalacións e aos efectivos, así como ás distintas actividades a prol da recuperación de especies, a Xunta de Galicia traballa camiño da estratexia da Unión Europea sobre a biodiversidade ata 2020, na cal se sinala que a biodiversidade e os servizos que proporciona posúen un importante valor económico, non sempre coñecido pola poboación.

O obxectivo principal para o horizonte 2020 é deter a perda de biodiversidade e a degradación dos servizos ecosistémicos, e restauralos na medida do posible, xa que, ademais de contribuír á conservación dos hábitats e as especies, resulta beneficiosa para todos aqueles que traballan en sectores que dependen da biodiversidade e dos servizos ecosistémicos e por extensión para toda a poboación galega.

O Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia establece dentro dos denominados compoñentes clave para a conservación, ademais dos hábitats de interese comunitario, as especies catalogadas legalmente como protexidas ou ameazadas pola normativa comunitaria (directivas hábitats e aves), así como aquelas especies incluídas na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial (Catálogo español de especies ameazadas), ademais das especies do Catálogo galego de especies ameazadas.

Un dos obxectivos claves do Plan director é garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e a ampliación do coñecemento técnico e científico sobre todos os elementos obxecto de conservación e os seus condicionantes ecolóxicos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS PRIMEIRAS OBRAS DE POSTA EN VALOR DA PONTE VELLA DE OURENSE, QUE SE CENTRARÁN NA REPARACIÓN DA CALZADA E A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda financia estas actuacións mediante a achega económica de máis de 314.000 euros*
- *Estas accións forman parte da primeira fase do proxecto no cal a Consellería de Cultura tamén executará a retirada da conducción do abastecemento e a restauración do quebraondas nun dos piares, cun investimento total de 520.000 euros*
- *Polo que respecta á calzada, igualarase o pavimento, empregando como único material o bloque de pedra*
- *Mudaranse as actuais luminarias e os focos que proxectan a luz cara aos alzados e optarase por sistemas de leds, que mellorarán a estética, realzando a monumentalidade da estrutura e acadando unha maior eficiencia enerxética*
- *Na pasada primavera realizáronse labores de limpeza e continúaase agora coas medidas programadas para a posta en valor deste ben patrimonial*
- *Paralelamente avánzase na programación da segunda fase de traballos, que se centrarán na contorna da Ponte Vella, especialmente arredor da Capela dos Remedios*
- *O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto completo de intervención na Ponte, que ten un investimento total de preto de 1 millón de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras de posta en valor do Ponte Vella, en Ourense, que se centrará na reparación da calzada e a renovación da iluminación. O Goberno galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, financia este proxecto mediante a achega económica de máis de 314.000 euros.

Esta actuación forma parte da primeira fase das obras previstas na Ponte, fase na cal a Consellería de Cultura tamén realizará traballos de retirada da conducción de abastecemento e restauración do quebraondas nun dos piares. A Xunta realizará unha achega dun total de 520.000 euros para levar a cabo os traballos executados por ambas as consellerías nesta primeira etapa.


Cómpre lembrar que de forma paralela a estas primeiras obras de conservación e mantemento avánzase na programación na segunda fase das actuacións, que se centrará na contorna e nas inmediacións da Ponte Vella, especialmente arredor da Capela dos Remedios. Deste xeito, o investimento total do proxecto ascenderá a preto dun millón de euros, co fin de que o monumento continúe sendo un verdadeiro símbolo da cidade.

Coas obras autorizadas hoxe polo Consello, actuarase en primeiro lugar na calzada, na que se igualará o pavimento, empregando como único material o bloque de pedra. Ademais, substituirase a capa de formigón que existe nos apartadoiros e pavimentarase o único treito en terra que existe.

Neste proxecto destaca sobre todo a substitución da iluminación, xa que a actual quedou obsoleta e mingua o valor estético do monumento. Para iso, mudarase as actuais luminarias e os grandes focos que proxectan a luz cara aos alzados da ponte e optarase por sistemas de leds, que mellorarán a estética, realzando a monumentalidade da estrutura, ademais de acadar unha maior eficiencia enerxética, un aforro no consumo e unha menor contaminación lumínica.

Como medidas complementarias, eliminaranse graffiti pintados na ponte e nas edificacións anexas, retirarase mobiliario urbano e outros elementos engadidos á fábrica da ponte, aplicaranse tratamentos de fosilización dos troncos das árbores enraizadas na fábrica, limparase a maleza e rarearase as árbores que medran baixo os arcos e nunha franxa próxima á ponte. Tamén se acondicionará un camiño peonil que discorre baixo un dos arcos, mellorando a comodidade e seguridade viaria dos viandantes.

Dende o Goberno galego avánzase así nas actuacións previstas para contribuír ao bo mantemento do que é un dos principais emblemas e reclamos turísticos da cidade de Ourense. Así, na pasada primavera realizáronse os labores de limpeza máis urxentes, e continúaase agora coas medidas programadas para a posta en valor deste ben patrimonial.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DO PROXECTO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO, NA CAL INVESTIRÁ PRETO DE 6 MILLÓNS DE EUROS

- *O Diario Oficial de Galicia publicará nos vindeiros días o concurso público para a redacción do proxecto básico e de execución da infraestrutura por un importe de 307.000 euros*
- *O Goberno galego executará a estación de autobuses ao carón da terminal ferroviaria mediante unha actuación coordinada co ADIF e que precisa das adaptacións urbanísticas que debe acometer o Concello de Santiago*
- *Esta infraestrutura cumprirá o dobre obxectivo de conectar o transporte colectivo por estrada co de ferrocarril e unir os barrios composteláns situados a ambos os lados das vías férreas*
- *Segundo os estudos previos realizados pola Xunta, a terminal de autobuses disporá de 29 dársenas, unha zona de servizos duns 2.000 metros cadrados e unha superficie total de 12.000 metros cadrados*
- *O Goberno galego avanza deste xeito no fomento da intermodalidade, para o que dispón de case 35 millóns de euros grazas ao financiamento europeo*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace á licitación do proxecto básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación de ferrocarril de Santiago de Compostela por un importe de algo máis de 307.000 euros. O *Diario Oficial de Galicia* fará público nos vindeiros días o anuncio de inicio deste concurso público, que prevé un prazo de 4 meses para a redacción do proxecto básico, dentro dun período total de 7 meses para o proxecto construtivo.

Esta infraestrutura cumprirá dúas funcións: conectar o transporte colectivo por estrada co ferroviario e unir os barrios da cidade situados a ambos lados das vías férreas entre sí e coas terminais de autobús e ferroviaria, a través do módulo de conexión que deberá executar o ADIF.

O Goberno galego aposta pola intermodalidade entre diferentes modos de transporte para fomentar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado e acadar un transporte máis sustentable en Galicia. Ata o de agora, téñense conseguidos 27,5 millóns de euros do programa operativo Feder 2014-2020, polo que, tendo en conta o cofinanciamento do 20%, o investimento total previsto en Galicia é de 34,4 millóns de euros.

A licitación do proxecto básico e de execución da estación de autobuses integrada na estación de ferrocarril realízase en coordinación co Adif –responsable da reforma da terminal de tren- e tomando como base o resultado dos estudos previos de

necesidades realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos últimos meses.

Segundo estes, para executar a estación de autobuses, o Concello de Santiago debe por á disposición da Xunta parte dos terreos necesarios e realizar as actuacións urbanísticas necesarias para garantir o acceso dos autocares á terminal.

A nova estación de autobuses situaríase ao sur da plataforma ferroviaria entre a praia de vías e a rúa Clara Campoamor e ocuparía unha superficie de aproximadamente 12.000 m². As dársenas quedarán situadas ao nivel desta rúa, e prevese que os vehículos accedan ao recinto mediante unha rotonda de 48 metros de diámetro exterior e 32 metros de diámetro interior con dous carrís de 4 metros de largo.

O edificio de servizos situaríase elevado nunha primeira planta sobre as dársenas, ao nivel da plataforma ferroviaria. Esta disposición permite perfilar a conexión coa estación de ferrocarril en dous puntos: cara ao edificio de servizos da estación de autobuses desde a plataforma ferroviaria; e a través da futura conexión peonil sobre as vías férreas, que saíría da rúa do Hórreo, "voaría" sobre as vías do tren e conectaría, baixando un nivel, coa estación de autobuses e baixando outro nivel máis coa rúa Clara Campoamor. Esta conexión peonil debería poder usarse aínda que a estación de autobuses estivese pechada.

Segundo a análise dos estudos previos a estación de autobuses precisaría os seguintes elementos: 29 dársenas (19 de liñas interurbanas, 5 de metropolitanas e 5 para regulación de servizos); 2.000 m² de edificio de servizos e unha superficie total duns 12.000 m² incluíndo a estación propiamente dita (7.000 m²) e unha zona de taxi, bus urbano e de despedida (5.000 m²).

A Xunta de Galicia remitiu recentemente unha proposta de convenio ao Concello de Santiago e ao Adif para recoller as actuacións que debe realizar cada administración de cara ao desenvolvemento da estación intermodal.

Entre as actuacións que debe realizar o Concello de Santiago está a posta á disposición da Xunta de preto de 5.0000 m² de titularidade privada necesarios para executar a estación de autobuses, xa que o resto do terreo preciso é propiedade do Adif e se prevé a súa cesión.

Cómpre, tamén, que a Administración local desenvolva o Plan especial da estación intermodal e a urbanización e accesos da zona, no que entraría ampliación da vía Clara Campoamor e a construción da rotonda de acceso á estación, co fin de permitir a circulación fluída de autobuses.

Unha vez construída a nova estación de autobuses, o Concello deberá devolver ao Goberno galego as instalacións da actual terminal para atender as necesidades de ampliación das instalacións administrativas.

Ademais do desenvolvemento da reforma da estación ferroviaria, a conexión entre as terminais de ferrocarril e a de autobuses inclúese dentro das actuacións que acometerá o Adif.

O convenio remitido prevé que o Executivo autonómico deberá redactar o proxecto básico e de execución da nova estación de autobuses integrada na estación intermodal, tomando como base o deseño previsto nos estudos previos; e executar e financiar as obras.



SANIDADE INICIA A CAMPAÑA INFORMATIVA DIRIXIDA ÁS EMBARAZADAS CO OBXECTO DE DARLLES A COÑECER A VACINA CONTRA A TOSE FERINA

- ***A vacinación farase entre as semanas 28 e 36 de xestación, preferiblemente na semana 32***
- ***A vacinación comezará o vindeiro día 21***
- ***O Executivo galego reunido no día de hoxe abordou, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade sobre a atención sanitaria á maternidade e á infancia en Galicia***

A Consellería de Sanidade, dentro das súas liñas de actuación en materia de atención sanitaria á maternidade e á infancia en Galicia, vai proceder, de xeito inmediato, á adaptación do calendario vacinal para reforzar a inmunidade materna contra a tose ferina, administrando unha dose de vacina ás embarazadas coa fin de protexer o acabado de nacer. Ao respecto, o departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña vai comezar, a partir da vindeira semana, unha campaña informativa nos centros sanitarios para dar a coñecer esta medida.

A vacinación, que comezará o vindeiro día 21, farase entre as semanas 28 e 36 de xestación, preferiblemente na semana 32, aproveitando a visita de control do embarazo establecida nas recomendacións da Guía técnica de atención ao embarazo da nosa comunidade. Así se recolle nun informe do departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña e que hoxe se abordou no Consello da Xunta.

Así mesmo, Sanidade apoiará unha maior cobertura das vacinacións infantís mediante a plataforma *É saúde (ferramenta tecnolóxica de personalización de servizos para o paciente, accesible dende calquera lugar e dispositivo -ordenador, móbil ou tablet-)*, co obxectivo de lembrar ás nais e pais as datas de vacinacións dos seus fillos fomentando unha maior cobertura vacinal.

Outra das medidas en materia de atención sanitaria á maternidade e á infancia recollidas no informe é continuar a traballar na estandarización das indicacións clínicas das cesáreas urxentes e programadas en todos os hospitais do Sergas que atenden partos, co obxectivo de diminuír a variabilidade e adecuar a taxa de cesáreas aos estándares establecidos, seguindo as recomendacións existentes neste ámbito.

Xunto con todo o anteriormente sinalado, Sanidade potenciará, dentro do espazo da Escola Galega de Cidadáns, diversas actividades de formación e información sobre aspectos relacionados co embarazo, a maternidade e a saúde infantil. Este tipo de actividades terán lugar por medio de talleres escola de nais e pais "on-line", debate de temas de actualidade a través do foro "O experto responde", ou mesmo en talleres

presenciais que tratarán temas referidos á saúde da muller, o embarazo, a saúde infantil ou a adolescencia.

Servizos especializados en todas as áreas

A atención sanitaria á maternidade e á infancia en Galicia caracterízase pola existencia de recursos públicos que garanten a accesibilidade a mulleres e nenos e nenas en función das súas necesidades sanitarias; polo mantemento de programas específicos para a atención á maternidade co obxecto de mellorar a calidade asistencial; así como á infancia, para a detección precoz de enfermidades e mellorar a efectividade dos seus coidados e a calidade asistencial.

O Servizo Galego de Saúde conta con servizos especializados (obstetricia e pediatría) en todas as áreas sanitarias, pediatras de atención primaria asignados para todos os menores de 15 anos e servizos de referencia de alta especialización.

Tamén conta con programas específicos como o Plan de atención ás mulleres durante o parto e postparto; o Programa de reprodución humana asistida; a libre elección de matrona e pediatra en atención primaria; a detección precoz de enfermidades endócrino-metabólicas e da xordeira neonatal; de seguimento do neno san e de vacinacións infantís, etc. Os ditos programas vanse adaptando ás novas necesidades que van xurdindo en saúde materno-infantil.

Cómpre sinalar que a mellora e a evolución producida no sistema público de saúde, e no ámbito dos programas de prevención e promoción da saúde nestes últimos anos, reflíctese en indicadores de benestar e saúde, como a esperanza de vida ao nacer (que aumentou un 7,94% entre 1991 e 2013), a mortalidade infantil (cunha redución do 75% entre 1990 e 2013) ou a mortalidade perinatal, que baixou un 45% desde 1990.